

3.- GRECIA CREADORA DA LINGUAXE CLÁSICA

OS PRECEDENTES DA CULTURA GREGA: ARTE CRETO-MICÉNICA.

O MARCO XEOGRÁFICO.

No segundo milenio desenvólvense **no mar Exeo un conxunto de civilizacións que chamamos prehelénicas**, entre as que destacan a **cretense ou minoica** e a **micénica**.

O Exeo é un mar salpicado de illas con bos portos o que facilita a **vocación mariñeira dos seus habitantes**. A súa situación entre Exipto e Mesopotamia na vertente oriental do Mediterráneo favoreceu o desenvolvemento cultural e económico da zona.

En Creta coa gran **riqueza do comercio marítimo** foi posible a construción de grandes palacios-santuarios en cidades-estado como Phaestos ou Knosos. En canto a relixión aínda que pouco coñecida dicir que **moitos mitos da relixión grega teñen aquí o seu orixe** (lenda do Minotauro). Da visión de conxunto da arte cretense destaca a **ausencia de representacións bélicas, indicando unha vida culta, cortesana e refinada**, coa figura feminina como centro da arte cretense.

A partir do 1500 a.c., os aqueos (pobos indoeuropeos) que desde o 2000 a.c. dominaban a Grecia continental, **invaden Creta, iniciando o chamado período micénico**, caracterizado pola supremacía dos pobos do continente, **con cidades moi fortificadas con grandes palacios e tumbas**, destacando Micenas e Tirinto.

ARTE CRETENSE.

É un estilo artístico coetáneo ó exipcio, que se inicia cando Europa aínda está na prehistoria (2000-1500 a.c.). Representa a cultura dun pobo orientado á mar, cunha **arte aberta pola escasa influencia relixiosa na que o artista goza de certa liberdade** e está aberto ás influencias exteriores grazas ó comercio co exterior **influíndo enormemente na arte grega**.

Un dos elementos máis significativos é a **columna cretense**, que está formada por **un fuste liso e capitel formado por unhas molduras cóncavas e convexas que rematan nunha peza rectangular chamada ábaco**. Estas columnas son a base sustentante dos edificios que van a influir nos órdenes gregos. Estamos ante unha **arquitectura arquiteurada como en Exipto**.

A obra máis importante é *“o palacio de Knosos”*, de inicios do 2º milenio, construción **cun patio central arredor do que se organizan varias estancias de influjo mesopotámico, cun aspecto laberíntico**. Unha parte do edificio funciona como almacén e outra como palacio, con case un millar de habitacións e dependencias en torno ó patio porticado e con superposición de pisos en catro alturas. En cada sala hai pequenos patios con columnas, algún deles identificado como o salón do trono. O patio central se chega a través dun pórtico de acceso e non hai murallas, abríndose os pórticos ó exterior, á natureza.

O interior dos palacios aparece decorado con **pinturas cun carácter de revestimento dos pobres materiais con que constrúen os edificios (ladrillo, adobe)**, representando escenas de gran naturalismo realizadas coa **técnica do fresco sobre capas de estuco** nos muros. As figuras humanas siguen a influencia exipcia, e os **temas predominantes son cortesanos, danzas e**

ceremonias rituais ou paisaxes con animais ou peixes (delfíns) sobre fondos vexetais ou marinos, de gran dinamismo, utilizando tonos ocres, vermellos e azuis.

ARTE MICÉNICO.

A destrución das cidades cretenses en torno ó 1500 a.c. polos aqueos, acaba coa hexemonía desa civilización insular pasando a partir dese momento a **supremacía ó continente, con cidades como Micenas o Tirinto**, cunha **estrutura totalmente defensiva**, formada por **murallas de grandes sillares** rectangulares perfectamente encadrados, cun **carácter sólido e austero que recorda a arquitectura megalítica**.

En torno ó 1250 a.c. dátase a construción da fortaleza-tumba do rei de Micenas, onde destaca *“a porta dos leóns”*, cunha **arquitectura adintelada de sillares ciclópeos** e un gran e pesado dintel que descansa sobre dous bloques laterais a modo de jambas, aliviando o peso mediante a disposición dun triángulo de descarga realizado a base de xuntar as hiladas laterais de pedra até formar un espazo xeométrico, cunha columna cretense como punto medio. No bloque triangular atópanse esculpidos dous leóns de casi 3 metros de altura (sen cabeza nin movemento), afrontados sobre un pódium que sostén a columna.

Parte importante da cultura micénica, con gran influencia no futuro da Grecia helénica, o *“megarón”* ou vivenda, é **de forma rectángular cunha soa entrada e un vestíbulo flanqueado por columnas, precedente directo do templo grego**. A súa construción en madeira impediu a súa conservación. Empleaban a columna cretense e un dintel decorado con rosetas e unas faixas verticais que influen nos triglifos dóricos.

Outro monumento de importancia son **as tumbas**, algunhas subterráneas e moi sinxelas, onde se atoparon ricos tesoros, e outras máis complexas, como **os thollos de corredor con falsa bóveda**. O máis coñecido é *“o tesoro de Atreo”*, de mediados do XIV a.c., e cun pasillo que remata nunha porta trapezoidal que da paso a cámara circular cunha falsa bóveda construída en sillería que alcanza unha altura de 13 metros, recuberta interiormente con placas de bronce. A cámara máis pequena destinase ó culto e depósito do cadáver.

A **pintura micénica** é máis esquemática ca cretense, con **preferencia polas escenas guerreiras e as cacerías como no mundo asirio**, fronte as cortesanas dos palacios cretenses.

A ARTE GREGA: INTRODUCCIÓN.

A arte grega integrase dentro dunha **cultura antropocéntrica, co home como centro de todo**, elaborando toda manifestación artística desde unha perspectiva e dimensión humanas. A arte grega resulta da integración de varios factores:

- **O marco xeográfico e sociopolítico**: a polis ou cidade-estado e o sistema democrático condicionan a necesidade de edificios institucionais.
- **A relixiosidade**: cunha gran humanización dos deuses e unha relación cotiá e directa cos humanos a través dos templos e santuarios.

- **O ideal de beleza:** cunha visión estética da arte, baseada nun canon ou escala humana integrado na natureza e determinado pola proporción e o equilibrio, escapando do colosalismo exipcio.

Na arte grega distinguimos tres etapas cronolóxicas: 1) Época Arcaica (s. VIII-VI a.c.); 2) Época Clásica (s. V-IV a.c.); 3) Época Helenística (s. III-II a.c.).

O marco xeográfico e cultural da Grecia antiga está formado pola península do Ática, a do Peloponeso, a costa occidental de Asia Menor e as illas do mar Exeo, ademais dos territorios colonizados no Mediterráneo chamados Magna Grecia (Sicilia, sur da Península Itálica, Península Ibérica).

O URBANISMO E A ARQUITECTURA GREGA: A CONSTRUCCIÓN DA DEMOCRACIA.

O urbanismo das cidades-estado gregas foi condicionado polo carácter independente das polis, o accidentado relevo (illas, penínsulas, montañas) e a introducción do sistema democrático en Atenas.

Inicialmente as polis helénicas organízanse no interior dun recinto amurallado con carácter defensivo, onde destaca a **zona alta ou acrópole que se destina a recinto sagrado**, e no centro aparece **o agora ou praza pública, onde se realizaban actividades públicas** de todo tipo (assembleas, mercado, tribunais de xustiza).

O primeiro urbanista grego foi Hipódamo de Mileto, que no 475 a.c., proxectou a nova cidade de Mileto despois de ser destruída polos persas, **cun trazado ortogonal en damero con rúas que se cruzaban en ángulo recto, establecendo un espazo ó servizo do cidadán**, tendo en conta a escala, as dimensións e a funcionalidade dos edificios en relación co seu entorno.

AS CARACTERÍSTICAS DA ARQUITECTURA GREGA. AS ORDES E AS TIPOLOXÍAS ARQUITECTÓNICAS. O TEMPLO E A SÚA EVOLUCIÓN. O TEATRO.

A principal finalidade da arte grega en todas as súas manifestacións artísticas é a de **unificar o espírito panhelénico, identificando as polis cos seus deuses inmortais** (Hera de Samos, Artemisa de Éfeso, Zeus de Olimpia), dándolles ó mesmo tempo **validez universal e particular**.

Na arquitectura, este ideal aplícase a un edificio tipo, o templo, morada dos deuses e inspirado no megarón ou vivenda prehelénica, aínda que o templo grego vai a **suprimir o espazo interior**. O sistema de construción basease no dintel, dando lugar a unha **arquitectura arquitebada, pero de maior equilibrio e proporción ca exipcia**, con gran integración e harmonía entre lonxitude e altura.

A forma de edificación basease nas ordes arquitectónicas, conxunto de principios que deben rexir toda arquitectura.

Os materiais utilizados son en principio de gran pobreza (madeira e adobe), por iso utilizan a cor (policromía), creando unha sensación de falsa riqueza; a partir do s.V a.c. (época clásica), coméncase a utilizar **o mármore e a caliza** en sillares regulares, moitas veces recubertos con estuco (xeso).

Destacar tamén o intento dos gregos de búsqueda da armonía visual e do perfeccionamento técnico (medidas ideais), mediante correccións ópticas que introducen nos distintos elementos arquitectónicos, buscando a chamada “*proporción áurea*”, baseada na teoría pitagórica da proporción matemática.

TIPOLOXÍA DO TEMPLO GREGO.

Os templos gregos posúen unha diferente tipoloxía condicionada por factores como as ordes arquitectónicas ou o número e disposición das columnas, en cambio mantense invariable a planta e as diferentes partes das que consta o edificio no seu interior.

Partes do templo.- O templo consta de **pronaos o vestíbulo**, na parte dianteira con dous pilares unidos a **naos o cella**, sala no centro do templo de forma rectángular onde está o ídolo ou estatua da divindade, e **o opistodomos**, cámara posterior onde se garda o tesoro.

Tipos de templo.- En función da disposición das columnas o templo pode ser:

- **In antis:** cun vestíbulo de dúas columnas na parte frontal entre os pilares e unha cella que prolonga os seus muros polos laterais.
- **Próstilo:** con columnas só na parte frontal dianteira.
- **Anfipróstilo:** con columnas na parte dianteira e traseira.
- **Períptero:** rodeado de columnas (si están adosadas ós muros laterais a modo de semicolumnas chámase **pseudoperíptero**, e si ten dobre fila de columnas **díptero**).
- **Monóptero:** forma circular rodeado de columnas.

Según o número de columnas na fachada poden ser **dístilos** (2), **tetrástilos** (4), **hexástilos** (6), **octástilos** (8), ou **decástilos** (10), normalmente en número par, aínda que hai algún templo da época arcaica con número de columnas impar.

En canto o alzado, atopámonos tamén con certos elementos arquitectónicos fixos e propios de todo sistema adintelado:

- **Estereóbato:** basamento escalonado sobre o que se asenta todo o edificio, o elemento de unión entre basamento e soporte chámase **estilóbato**.
- **Columna:** soporte que recolle o peso do teito e o descarga no solo.
- **Entaboamento ou dintel:** parte que serve de soporte ó teito e descarga sobre a columna, unido ós soportes entre sí, dividíndose en **arquitrabe, friso e cornisa**.
- **Teitume:** reparte o seu peso entre o entaboamento e as columnas cunha cuberta plana no interior (armazón de madeira) e a **dobre vertente ou a dúas augas** no exterior (tellas de terracota ou mármore).

As Ordes Arquitectónicas.- Os gregos combinan estes elementos arquitectónicos según unhas regras fixas chamadas Ordes. As tres Ordes arquitectónicas máis empregadas son: **Orde Dórica** (Peloponeso e Sicilia, período arcaico), **Orde Xónica** (Ática e Asia Menor, período clásico) e **Orde Corintia** (Asia Menor, evolución da anterior, período helenístico).

- **Orde Dórica:** columna sen basa, fuste estriado con éntase (máis ancho no centro) rematado nun capitel con tres pezas, unha moldura cóncava (**collarino**) cunha peza esférica (**equino**) e outra cadrada (**ábaco**).

O entablamento leva un arquitrabe liso, e un friso dividido en **triglifos** (estrías verticais) e **metopas** (zonas cadradas con relevos), con gotas na parte inferior e superior. Por encima do friso, o **frontón cun tímpano triángular** decorado con relevos e a cornisa, con **acróteras ou gárgolas** (figuras animais ou de monstros) nos extremos.

- **Orde Xónica:** máis esbelta e vertical que a dórica. A columna **ten basa con tres molduras (toro e escocia)**, fuste sen éntase e **capitel con volutas**. Entablamento con arquitrabe a tres bandas e friso corrido con o sen decoración.
- **Orde Corintia:** distínguese da xónica polo **capitel vexetal**, un gran ramo de talos e cardos con **follas de acanto** que rematan nunha especie de palmetas ou espirais abertas.

EVOLUCIÓN DO TEMPLO GREGO.

O templo grego deriva do “*megaron prehelénico*” e das capelas absidiais de época homérica, adicadas a deuses locais, co **altar de culto no exterior xa que non hai espazo interno para os fieis**. Destes edificios non se conservan restos polos pobres materiais utilizados (muros de madeira e barro) e só referencias literarias de Homero.

Arquitectura do Período Arcaico.- Desenvólvese entre os **séculos VII-VI a.c.**, nos que se define a estrutura do templo grego, aumentando o seu tamaño e **adoptando a columna como elemento expresivo dentro dun criterio racionalista**.

O nacemento das polis, a 2ª colonización e a aparición dunha **relixión e tradición comúns en toda Grecia**, corresponden a este momento. No século VII, os primeiros templos feitos en pedra, están adicados a deuses como **Zeus** (deus do ceo e pai dos deuses), **Hera** (deusa da fertilidade e esposa de Zeus) ou **Apolo** (deus da sabiduría e do oráculo de Delfos).

As principais características dos templos arcaicos son:

- **Primacía da orde dórica:** son edificios robustos, cunha estrutura pesada sin proporcións claramente definidas, cunha cella moi alongada (edificios máis longos que anchos).
- **Columnas moi xuntas con éntase acentuado:** con ábacos moi volados, onde as columnas son monolíticas e moi cortas e grosas, a modo de “truncos de árbore” pola mentalidade de construtores en madeira dos arquitectos.

- **Ausencia de simetría:** entre as diferentes partes do templo (columnas e arquitrabe), cun capitel como elemento de ruptura e non de unión.
- **Gran arcaísmo:** falta do concepto de canon ou medida, gran desproporción e colosalismo como recordo da arte oriental.

Desta época destaca “*o templo de Poseidón*”, en Paestum (Sicilia), o que demostra a proliferación destes edificios nas colonias (Magna Grecia, sur da península itálica) fronte á Grecia continental (Peloponeso), onde destacan “*o templo de Hera*”, en Olimpia, ou “*o templo de Apolo*” en Corinto.

Nos anos finais da época arcaica (fines do s.VI a.c.), aparecen os chamados “*Tesouros*”, **edificios relixiosos de ofrendas e exvotos levantados polas distintas polis nos santuarios** ou centros de peregrinación no mundo grego.

Son templos “in antis” de proporcións case clásicas, destacando “*o tesouro de Delfos*” e o “*tesouro ateniense dos sifnios*”, onde utilízase por primeira vez a orde cariátide.

Arquitectura do Período Clásico.- Desenvólvese entre os **séculos V-IV a.c.**, a partir do triunfo dos atenienses sobre os persas nas Guerras Médicas (492-480 a.c.), que trae a Grecia e sobre todo a Atenas un período de paz e prosperidade, florecendo a democracia e emprendendo o seu gobernante Pericles durante 50 anos un **costoso e ambicioso programa monumental de edificacións para reconstruír a Acrópole, zona sagrada**, destruída polos persas no ano 488 a.c.

O período clásico é o momento de máis esplendor e perfección da arte grega, consolidándose o canon do templo e levándose a cabo verdadeiras obras maestras. **Pericles, director desta reconstrución, nomea supervisor artístico das obras a Fidias**, maestro que será encargado de realizar “*o Partenón*”, exemplo da madurez da arte grega e levantado na **Acrópole, parte máis alta e fortificada da cidade e onde se atopaban os edificios relixiosos**.

A Acrópole chegábase a través da Vía Sacra que a unía coa cidade. **A entrada monumental ó recinto sagrado facíase a través duns pórticos rectangulares** chamados “*Propileos*”.

“*Os Propileos*”, son obra de Menesicles e forman unha especie de **arco de triunfo conmemorativo da unión de símbolos políticos e relixiosos**; están inacabados con respecto ó proxecto inicial e presentan un **frente dórico hexástilo con escalinatas de acceso a modo dun paso procesional en terrazas**, recordando a arquitectura templaria. Fronte a fachada con columnas dóricas atopamos un pasillo interior con columnas xónicas.

Dentro da Acrópole destacan tres templos: “*O Partenón*” (447-438 a.c.), “*Atenea Victoriosa ou Niké Áptera*” (437-425 a.c.) e “*O Erecteión*” (421-405 a.c.).

“*O Partenón*”, é a obra maestra do conxunto nunha zona sobreelevada do terreo. Construído por Ictinos e Calícrates e decorado por Fidias, **está adicado a Atenea Parthenos, deusa virxe da sabiduría e patrona da cidade**.

O templo é **octástilo e períptero, coa orde dórica no exterior e o xónico no friso interior da cella**. Posúe adyton e pronaos cun **novo concepto do espazo máis amplo e unitario** (perástase de 8 x 17). A cella ofrece unha enorme grandiosidade, dividida en tres naves por unha

columnata dórica xa que **albergaba a colosal estatua de Atenea Parthenos de 11 metros de altura**. O edificio é polo tanto plenamente ático cunha síntese entre dúas influencias: a **sobriedade dórica e a elegancia xónica**. Obsérvase ademais unha gran harmonía entre columnas e espazos intercolumnneos dando unha **sensación de maior esbeltez e verticalidade que os templos arcaicos**, con menor éntase nas columnas divididas en tambores (xa non son monolíticas), cun fuste que equivale once veces ó capitel. O capitel dórico é un elemento de unión e non de ruptura da visión ascendente.

As correccións ópticas introducidas no edificio tiñan un claro valor estético, así o maior grosor das columnas laterais evita a impresión de adelgazamento lumínico nos extremos, mentras que a curvatura do entaboamento xunto a inclinación das columnas laterais e dos muros da cella provoca un efecto piramidal.

En definitiva, o edificio é un exemplo de **rectitude, de racionalismo puro, pero sin unha liña recta, tratando de evitar as ilusións ópticas**. A **simetría e a proporcionalidade** no templo consíguense mediante unha relación numérica proporcional entre as 8 columnas do pórtico e as 17 laterais.

“A Atenea Victoriosa ou Niké”, foi construída por Calícrates como conmemoración da victoria da batalla de Platea contra os persas. É un **edificio tetrástilo, anfipróstilo e de orde xónica**. As súas reducidas dimensións (4x3 m) débense a estreitez do lugar, obrigando a suprimir a pronaos e o opistodomus, parecendo un templo “in antis”, unha auténtica xoia da orde xónica.

“O Erecteión”, construído por Filoctetes, **combina nun mesmo edificio antigos e novos cultos** (Hefestos, Cecrops, Erecteo, Atenea e Poseidón), mostrando unha **gran orixinalidade e variedade, acentuada pola irregularidade do terreo** que rompe o esquema compacto da arquitectura grega.

Posúe 4 pórticos e 3 cámaras a distintos niveis con capelas. Dous pórticos son xónicos (Norte e Leste), destacando **ó sur o das cariátides, de gran plasticidade pola substitución dos fustes cilíndricos por figuras femininas**, atribuídas a Fidias polos plegados da vestimenta, e que rompen a maciza horizontalidade mural.

A finais do século V e principios do IV a.c. (431-404), prodúcese a derrota de Atenas fronte a Esparta na guerra do Peloponeso, o que supón a fin da hexemonía ateniense e o desplazamento da arte ás colonias. A perfección clásica comenza a decaer, utilizándose sobre todo a orde corintia e aparecendo novos edificios como *“os tholloi”*, templos circulares monópteros, destacando *“os thollos de Delfos e Epidauro”*.

O TEATRO.

Xunto a arquitectura relixiosa asistimos tamén en Grecia ó **desenvolvemento da arquitectura civil**, sobre todo co auxe do urbanismo no mundo helenístico, **aparecendo novos edificios nas cidades como “stoas”** (mercado ou lugar de reunión), **os estadios, as palestras e os ximnasiaos** (competicións deportivas), ou edificios de ocio como **os teatros**.

O teatro consta de tres partes: a **“scenae”**, lixeiramente elevada, onde actúan os actores e fronte a **“cavea”**, ou graderío dos espectadores de forma semicircular, e entre ambas un espazo

circular chamado “**orquestra**”, onde danza o coro. Nos teatros facíanse **representacións de danzas corais asociadas ó culto a Dionisos e de obras dramáticas ou traxedias dos grandes dramaturgos clásicos**.

“*O teatro de Epidauro*”, do século IV a.c., realizado por Policleto el Joven, foi o máis destacado, de **proporcións monumentais** (15.000 espectadores), **integrando o edificio na natureza a modo de paisaxe escenográfica**, aproveitando a ladeira da colina para construír as gradas, e cunha acústica excepcional.

A ESCULTURA GREGA

INTRODUCCIÓN: CARACTERÍSTICAS XERAIS.

Na escultura, é onde mellor se observan os criterios estéticos da arte grega, como o seu **carácter antropocéntrico**, coa figura humana como eixe da escultura, observándose unha clara evolución **desde a simplicidade arcaica ata o barroquismo helenístico**, gañando progresivamente en expresividade e dinamismo.

O ser humano **preséntase idealizado**, sen os defectos que toda persoa posúe, dentro dun continuo proceso de **búsqueda da beleza, baseada na harmonía, medida e proporción de toda a anatomía corporal**. O obxectivo é pois o “home perfecto”, a imaxe universal e arquetípica, eliminando o accidental, o accesorio e individual, e **representando ós deuses coa finalidade de honrar á divindade como nos templos, pero a semellanza e imaxe dos homes, coas súas pasións e sentimentos** (sobre todo no s. IV a.c.), tanto na estatuaria como no relevo (friso, frontón, metopas).

Xunto a escultura relixiosa atopamos a conmemorativa: estatuas de atletas vitoriosos, estelas de vitorias militares ou tratados de paz, escenas de loitas (Guerras Médicas), ou alegóricas (símbolo do triunfo da razón sobre a barbarie). **As principais fontes iconográficas destes temas proceden da mitoloxía** (deuses, xigantes, amazonas, centauros), sendo escasa en cambio a importancia do retrato, a excepción dalgún gobernante prestixioso como Pericles, pero son retratos idealizados para ensalzar a súa figura.

En canto ós materiais, hai que destacar o **claro predominio do mármore e o bronce**, xa que se perderon os restos de obras iniciais en barro e adobe. Nas épocas de esplendor utilízase a técnica crisoelefantina (placas de ouro e marfil sobre madeira).

En xeral non se conservan orixinais gregos senon reproducións romanas sen policromar.

EVOLUCIÓN DA ESCULTURA GREGA.

A escultura grega sofre un proceso evolutivo iniciado na época arcaica (VIII-VII a.c.).

Escultura do Período Arcaico.- As primeiras experiencias plásticas remóntanse ó chamado período xeométrico, anterior ó s.VIII a.c., do que non se conservan restos, xa que **as esculturas facíanse en madeira**, as denominadas “xoanas”, **fetiches tallados no propio tronco da árbore**.

No período oriental (VIII-mediados VII a.c.) aparece unha obra fundamental “*a dama de Auxerre*”, cuns rasgos arcaicos moi marcados e ausencia de espazo.

O verdadeiro período arcaico, exténdese entre os anos finais do s.VII e os primeiros do V a.c., aparecendo os primeiros “*Kouros e Koré*”, os primeiros pertencentes a escola dórica do Peloponeso, e as Koré as escolas xónicas de Ática e Asia Menor.

“*Os kouros*”, son **estatuas votivas dos atletas triunfadores dos xogos olímpicos**. Formalmente son un **recordo ou derivación da estatuaria exipcia** con puntos en común como a aplicación da **lei da frontalidade, a rixidez, a robustez e o hieratismo das figuras** con vocación columnaria (puños pechados, brazos pouco flexionados e pegados ó corpo e extremidades inferiores en plan de marcha pero coas plantas adheridas ó solo).

Ainda así presentan certas diferencias cos modelos exipcios, xa que **aparecen sen vestimenta e xa son esculturas libres no espazo camiñando sin as espaldas protexidas**, cun certo interese polo modelado e o análise directo do natural, aínda que todavía cunha anatomía moi elemental.

Nos atopamos pois, cunhas figuras de **rasgos claramente arcaizantes, cos labios pechados no chamado “sorriso arcaico”, a perna esquerda adiantada, ollos amendoados, escaso movemento** e longa cabeleira disposta radialmente en rizo sobre a fronte. **Representan persoaxes reais pero sen rasgos persoais**, non son retratos, reflectindo a personificación e o ideal do valor mediante un organismo moi vigoroso (músculos, peito, plegues inguinais).

A finais do s.VI a.c. e comezos do V a escultura dos “*kouros*” evoluciona e entramos nunha etapa decisiva cun **maior coñecemento do corpo humano e unha mellor integración das diferentes partes anatómicas**, onde a oblicuidade dos brazos sen romper totalmente coa frontalidade empeza a abrir o camiño ó clasicismo.

As obras máis importantes deste momento son “*O Moscóforo*”, ou portador de ofrendas e “*O Cabaleiro Rampín*”, con novidades como un cabelo máis trenzado de maior plasticidade e un sorriso máis natural no rostro.

“*As Koré*”, **derivan das estatuas femininas do período xeométrico**, como a “*dama de Auxerre*”, **pero sen ese esquematismo**, presentando o mesmo proceso evolutivo cos “*kouros*”, pero cun tratamento evolutivo máis libre e con novos problemas resultado de conxugar as telas co corpo, xa que **aparecen vestidas con larga túnica (“jitón”) e manto ou chal (“imatión”)**, formando innumerables plegados en paralelo ou en zigzag.

Son a **personificación do ideal da beleza**, representando **as doncelas atenienses ó servizo de Atena (as tecedoras do “peplos”)**. Posúen un cabelo refinado e vestimenta xa non é unha

envoltura do corpo, senon que se integra en él, **suliñando as formas anatómicas, a pose e o movemento corporal.**

Como obras máis importantes destacan “*a koré do peplos*”, do 530 a.c., obra maestra da escultura ática, **de gran sinxeleza e elegancia na vestimenta**, con gran calidade do modelado e restos de policromía. Presenta un gran traballo do cabelo con trenzas en zigzag e un dulce sorriso cun ritmo moi curvo e suave do corpo.

“**A Koré de Chíos**”, (525-510 a.c.), é a versión xónica, cun grande interese estético na indumentaria, cun belo tocado e un gran preciosismo e refinamento, resultado do perfecto dominio do traballo no mármore.

Escultura do Período Clásico.- Entre os séculos V e IV (490-323 a.c.), prodúcese o período de madurez da arte grega. **O triunfo ateniense nas Guerras Médicas atribuído ós deuses, provoca un grande desenvolvemento das realizacións artísticas**, levantándose na súa honra templos e estatuas, buscando nelas **o obxectivo estético de plasmar a “beleza ideal”**, creando arquetipos a partir da realidade.

Nos atopamos pois ante unha **arte naturalista pero con certas doses de idealización**, tendo como **protagonista ó corpo humano espido, pero sobre todo o masculino**, considerado entón máis fermoso que o feminino. Hai un dominio total da anatomía e o movemento, cunha captación de xestos e actitudes que supoñen a **fin do hieratismo e da lei da frontalidade a través da búsqueda de diferentes puntos de vista (tridimensionalidade).**

As bases desta escultura creáronse en torno a 1ª metade do s.V a.c., período de transición no que se desenrola o chamado “*estilo severo*”, cunhas **obras menos inflexibles que na época arcaica pero sen a naturalidade das clásicas**, cun carácter abstracto, sobre todo nos **rostros graves e serenos.**

“*O Auriga de Delfos*”, é unha obra representativa deste período; feita en bronce, presenta **rasgos arcaicos no cabelo e nos plegados da túnica** (sensación de columna), pero desaparece o sorriso arcaico nunha **figura ensimismada nos seus pensamentos e que presenta xa un lixeiro xiro de torso e cabeza**, con gran descrición das partes anatómicas (nervios, tendóns, labios). A figura representa un monumento conmemorativo do gañador dunha carreira.

“*Os frontóns do templo de Zeus*”, en Olimpia, son tamén desta época e suponen o inicio da decoración escultórica en relevo baseada en temas panhelénicos e universais. Destaca a “*decoración do frontón occidental*”, co **tema da Centauromaquia, alegoría das Guerras Médicas** é dicir, a loita dos lapitas= atenienses, contra os centauros=persas.

A composición presenta unha escena dramática, de loita, co deus no centro como ó marxe da mesma, alomenos sen intervir físicamente pero apoiando ós lapitas (atenienses). O movemento contido e os xestos e actitudes das figuras mostran as características típicas do estilo severo.

Na 2ª metade do s.V a.c., prodúcese o **clasicismo pleno**, que supón unha certa continuidade co estilo severo. **É o Século de Ouro da hexemonía ateniense, a época de Pericles**, de gran esplendor artístico, cun grande interese por teorizar e codificar a arte como unha actividade

mental, **idealizando a realidade a través da xeometría e a aritmética**, con imaxes de valor obxectivo e universal. **En canto a anatomía, os plegados deixan traslucir a mesma.**

Neste momento aparecen dúas novas técnicas escultóricas: **o escorzo**, ou visión sin frontalidade, e **o contraposto**, ou equilibrio do corpo en movemento a través da oposición harmónica entre as diversas partes anatómicas, conseguindo **un movemento e unha anatomía reais que os plegados das vestimentas deixan traslucir.**

A temática mantén o **antigo mundo mítico dos deuses e héroes olímpicos**, escapando dos temas vulgares da vida cotiá polo modo de pensar aristocrático dos artistas.

Nos umbrais do clasicismo aparece como figura destacada, o bronzista **Mirón** cuxa obra máis destacada é "*o Discóbolo*", ou lanzador de disco (460 a.c.), do que non se conserva o orixinal en bronce senón a copia romana en mármore.

Nesta figura hai **máis preocupación pola masa corpórea que pola expresión anímica**, con un **rostro inexpresivo que recorda o estilo severo** e uns músculos planos, relaxados sin relevo nin tensión, impropios da acción que está realizando. Se representa un **movemento no acto sobre un corpo en equilibrio**, buscando a postura máis inestable, algo esaxerada e distorsionada, pero o momento elixido inmediatamente anterior ó lanzamento, permítenos falar de **movemento en potencia nunha figura petrificada nun instante de inmovilidade.**

A composición é totalmente asimétrica, cunha zona esquerda pechada e o brazo dereito cara atrás en pleno impulso, facendo que o corpo esté balanceándose. **O torso presenta un punto de vista frontal**, fronte as extremidades inferiores que aparecen de perfil. **O cabelo moi plano reflicte un certo arcaísmo.**

A madurez da escultura grega ven representada por **Policleto**, bronzista de Argos e gran teórico da escultura por ser o creador do canon de 7 cabezas do corpo humano, no que éste non é so modelado senon tamén número, proporción e harmonía.

A súa obra máis importante é "*o Doríforo*", ou portador da lanza (450-440 a.c.). Nesta figura é onde mellor se observa a **aplicación do canon ou sistema de relación matemática entre todas as partes do corpo** (pe= 3 veces a man, 6 palmos do pe ó xeonllo, e deste ó abdome), buscando con él o **ideal de beleza absoluta e universal.**

Interesa menos ó artista o movemento que o equilibrio, por iso a figura estática do atleta ofrece un suave balanceo a través dun **ritmo cruzado (o contraposto) que reparte o peso da estatua entre os puntos febles** (brazo relaxado e pe libre que avanza) **e fortes** (brazo dobrado coa lanza e pe no solo recibindo a carga do corpo). O xesto da cabeza cara á dereita e o brazo flexionado como contraste do brazo que cae verticalmente supoñen o **fin da lei da frontalidade, desaparecendo a rixidez arcaica** e arqueándose o corpo en dirección oblicua, aínda que respetando o punto de vista principal, xa que no interesa a visión de costado.

A pesar do seu aparente naturalismo hai un proceso reflexivo de racionalización (pitagorismo), mantendo firme **o principio de división dos planos corporais mediante incisións de trazado curvo**, nas que as grandes liñas da musculatura (tórax, abdome, pectorais, extremidades), gardan a súa particularidade.

O rostro presenta esa serenidade idealizada propia dunha humanidade superior e perfecta.

“*O Diadumeno*”, (430 a.c.), é a súa outra gran obra, representando a outro atleta vencedor coa coroa ceñida na fronte, símbolo da inmortalidade, e cun ritmo e composición formal igual “*ó Doríforo*”, pero **con maior suavidade no tratamento anatómico**.

Pero o artista clásico por excelencia é **Fidias**, sen duda a figura máis importante da escultura grega, ligado a Pericles e a obra do Partenón e do resto da Acrópole ateniense.

Traballa todo tipo de materiais, pero a súa grande innovación escultórica é o tratamento das telas, acabando co esquematismo mediante a **técnica dos “panos mollados”, que permite a través duns plegues moi finos traslucir as formas corporais**.

Ainda que nas súas obras parte da realidade, é **o mellor exemplo do idealismo e do equilibrio clásico**, representando seres que transmiten unha paz interna, donos das súas pasións.

Entre ás súas obras, destacan dúas esculturas exentas: “*a estatua de Atenea Parthenos*” e “*a estatua de Zeus Olímpico*”, feitas coa **técnica crisoelefantina** e pensadas para ubicarse nas cellas dos templos.

Pero sen duda, a súa grande obra foi “*a decoración escultórica do Partenón*”,(450-30 a.c.), **traballando no seu friso interior, frontóns e metopas**, para o que necesitou a axuda de numerosos artistas traballando ás súas ordes, cun contido de unidade en toda a obra.

Os Frontóns.- Son a parte máis recente do conxunto. No frontón oeste (occidental), represéntase a **disputa entre Atenea e Poseidón polo dominio da rexión Ática**, dictaminando Zeus a favor de Atenea que fai brotar da rocha un olivo, mentras que Poseidón só ofrece unha fonte de auga salgada.

No frontón leste (oriental), **represéntase o nacemento de Atenea da cabeza de Zeus**, aparecendo nos laterais as figuras das Horas (deusas do nacemento e a morte) e as Parcas, xunto a un grupo de divinidades como Deméter e Afrodita, **relacionadas coa fertilidade ou a fecundidade**., onde xa se observa a **técnica dos “paños mollados”**. Hai que destacar tamén as figuras de animais: cabalos de Helios (o Sol), que anuncian o día, e de Selene (a lúa) agochando a cabeza.

As figuras aparecen en diferentes posturas: sedentes, de pé ou de xeonllos, **adaptándose ó marco e formando conxuntos rítmicos ascendentes e descendentes**, cun perfecto dominio das figuras flexionadas en posturas moi complexas.

As Metopas.- Representan **enfrentamentos míticos como símbolo das Guerras Médicas** (lapitas=gregos, contra centauros=persas), **nun eterno combate entre a razón e o caos ou a barbarie**. É a obra escultórica máis antiga do Partenón e a súa temática é moi variada (loitas de xigantes, amazonas, centauros, escenas da guerra de Troya).

Nestas esculturas destacan a **grande variedade compositiva e a diversidade de rostros**, xunto a **expresividade dos centauros na súa loita** contra os lapitas, presentando as figuras un **relevo moi voluminoso, case como esculturas de vulto redondo**. A composición queda pechada no seu espazo pero liberada do marco arquitectónico.

O Friso.- O chamado “*friso das Panateneas*”, atópase no interior, na cella; é un friso corrido de 150 metros, representando un tema oriental, **a procesión na que a deusa ofrece a súa protección á cidade polo que se lle rinde homenaxe**, (aínda que extensivo a todo o pobo de Atenas), na festa na que se lle entrega o “peplos” ou manto tecido por doncelas atenienses.

A unidade compositiva é máis ben temática e psicolóxica, onde **todo o pobo como colectividade únese á gloria da súa deusa nun acto intemporal e universal**. Na parte central do friso correspondente a fachada, interrúmpese o cortexo e **aparecen os deuses do Olimpo, sentados nos seus tronos pero nun plano superior ós mortais** (grupo de Poseidón, Apolo e Artemisa). **As figuras móvense discretamente, nun sereno equilibrio**, falan, os cabalos ofrecen un vivo movemento e cabriolean, observándose o culto a beleza nas figuras femininas (doncelas virxes).

A pesar do tema de orixe oriental, rómpense todos os convencionalismos (isocefalia, xerarquización), cun **relevo de grande modelado plástico, con elegantes plegues que deixan adivinar a anatomía e o seu movemento natural baixo as telas**, observándose un grande **naturalismo e un cuidadoso estudio anatómico nos animais** (veas, tendóns).

Escultura do Período Posclásico.- A partir de fines do s. V (final da Guerra do Peloponeso, 404 a.c.) e principios do s. IV a.c., entramos nunha nova etapa artística coñecida como o **2º Clasicismo ou época posclásica**, que se extenderá ata o helenismo (Imperio de Alexandre Magno).

É unha **época de crise política, social, cultural e artística**, de perda da hexemonía ateniense ante a derrota militar fronte a Esparta e Corinto. A crise cultural supón un cambio na concepción do mundo, **perdendo importancia os antigos valores cabaleirescos (virtude, beleza) ata entón universais**. Triunfa o relativismo histórico dos filósofos sofistas e o humanismo racionalista da burguesía como impulsores do cambio.

Na escultura decaen os temas relixiosos, florecendo as obras privadas, **cunha invasión do naturalismo, dominando o costumbrista e o ordinario. O maior realismo busca reflectir os sentimentos humanos** (pasión, ira, traxedia), como resultado dun **crecente escepticismo dos gregos cara ós seus deuses, que aparecen agora sen a serenidade clásica, como simples humanos, sen dignidade e realizando acción cotiás**, variando a súa forma e iconografía e escollendo para a súa representación ós máis xuvenís e impulsivos (Apolo, Hermes, Afrodita).

A finalidade da arte agora é conmover sensorialmente ó espectador, **rompendo o canon escultórico en favor da expresividade**. É unha arte experimental, con temas e xéneros novos que **nos introducen nun mundo de placer e ocio**, onde as figuras posúen un **movemento máis rítmico e menos estático que as do clasicismo pleno**.

Por último hai que destacar o novo tratamento das telas, con **abundantes plegues de efectos plásticos buscando o claroscuro**.

As tres figuras principais da escultura desta época son: **Praxíteles, Scopas e Lisipo**.

Praxíteles, é un escultor ateniense que traballa tanto o mármore como o bronce. Os seus temas preferidos seguen sendo os deuses olímpicos, pero humanizándoos. As súas obras

representan a gracia, cun modelado de liñas suaves e curvas delicadamente belas, sen asperezas nen rugosidades (sensibilidade táctil), logrando o chamado “sfumato” ou efecto pictórico de claroescuro mediante a difuminación de contornos.

As figuras suavemente sombreadas, presentan unha maior transición de planos, que as plenamente clásicas como “o *Doríforo*”. Como obras máis destacadas fixo “o *Hermes de Olimpia*”, e “a *Venus de Cnido*”.

“O *Hermes*”, 350-30 a.c., é unha obra orixinal na que se representa ó mensaxeiro dos deuses, cun claro **naturalismo anecdótico e a humanización dos persoaxes divinos**, con Dionisos mostrando a súa inclinación á bebida e o deus levándoo ó paraíso das Ninfas cun racimo de uvas na man.

Na escena obsérvanse as características máis importantes do autor, como a “**curva praxiteliana**”, e o “**sfumato**”, fuxindo das liñas duras, cunha postura indolente e **un canon máis alongado co de Policleto unindo de maneira perfecta todos os planos corporais da figura**. Rómpeuse pois co concepto de hermetismo ou de estatua-bloque, producindo a creación de espazo a través do brazo erguido, **acabando así coa frontalidade** mediante a relación entre as dúas figuras.

O cabelo organízase con máis volumen, en grandes mechóns de carácter lumínico que acentúan os contrastes, mantendo a pesar do maior realismo unha **certa idealización no rostro, cunha mirada lánguida e ensoñadora**, como si o deus estivera ensimismado nos seus pensamentos.

“A *Venus de Cnido*”, 360-50 a.c., é unha obra polémica, non tanto por ser o **primeiro desnudo feminino** senon **por representar a unha deusa como calquera mortal**, executando un acto humano, saíndo do baño e intentando cubrirse cun lenzo de gran pictoricismo escultórico.

O naturalismo entón xustifica o desnudo feminino fronte os artistas do século anterior que tiñan como ideal canónico do corpo humano ó desnudo masculino.

É un corpo fermoso, verdadeiro modelo do ideal feminino, cunha silueta algo curvada (curva praxiteliana), apoiando o lado esquerdo no manto e o frasco e o lado dereito na perna, conseguindo un contraste entre ambos lados da figura, **cun tratamento pulimentado das superficies anatómicas (sfumato)**.

Escopas, é outro dos grandes escultores do s.IV a.c. Realizou obras monumentais en Asia Menor e o Peloponeso. **Maestro atormentado e ardente** que revela as inquietudes artísticas da segunda metade do século, caracterizándose por a **súa capacidade para revelar as interioridades da alma, as sensacións e estados de ánimo das súas figuras** (amor, desexo, desesperación, sensualidade), **con preferencia polas representacións tráxicas e violentas**. As súas figuras parecen estar suxeitas a un trágico destino.

Entre ás súas obras destaca “a *Ménade*”, onde expresa o seu ideal escultórico, **cunha figura posuída polo furor dionisíaco de tendencia sensualista**, co vestido aberto provocativamente por un lado, **nunha orxía mística na que a figura xira sobre si mesma nunha violenta torsión ou escorzo que reflicte esa violenta pasión ou tensión que sofre e que desestabiliza a súa**

forma, rompendo co equilibrio clásico e abrindo paso ó arte helenístico, caracterizado por esa violencia física e emocional.

A figura ofrece un rostro no que perdeuse a serenidade, cos ollos en branco, moi expresivos e mirando o ceo.

Lisipo, é o escultor que pecha o período posclásico. Era o favorito de Alexandre Magno, convertíndose no seu retratista e nun **artista de palacio e escultor oficial da corte**. É un broncista **moi preocupado polo canon do corpo humano** que aumenta a 8 cabezas con relación ó de Policleto.

Con Lisipo nos atopamos ante o preludio dunha nova época, que destaca pola preocupación pola natureza e a fin da frontalidade nas figuras.

A súa obra máis importante é *“O Apoxiomeno”*, 325-20 a.c., atleta novo, limpándose os restos de terra e aceite cun rascador ou “strigilo”.

É unha obra que reflicte todas as súas características, con **gran esbeltez da figura** cun sentido lonxitudinal **resultado do novo canon aplicado**, reducindo a cabeza e cun maior acercamento a realidade, cun **corpo oscilante, cheo de mobilidade e tensión nerviosa, e unha disposición pouco estable** no medio dunha aparente quietude, onde a figura parece cambiar de apoio cuns movementos fugaces.

Os brazos forman un escorzo e crean espazo e profundidade, abandonando o punto de vista único e obrigando ó espectador a xirar en torno a escultura para descubrir aspectos interesantes e ocultos. **O atleta ocupado en si mesmo ignora ó espectador totalmente**. O cabelo enmarañado reflicte esa nova tendencia a espontaneidade.

Escultura do Período Helenístico.- Exténdese entre finais do s.IV e mediados do s.II a.c.(323-146), coa conquista de Roma. Prodúcese neste momento unha **expansión xeográfica da arte**, destacando as **escolas locais de Pérgamo, Alexandría, Rodas e Antioquia**.

As características básicas da arte helenística son : a democratización da arte (mercantilismo), a **ruptura do equilibrio clásico (liña aberta e dinamismo)**, a **plasticidade das vestimentos (contrastes lumínicos)**, o **realismo fronte o idealismo**, e a aparición de **novos temas e xéneros artísticos como o retrato**.

Como obras máis importantes destacan *“O Apolo de Belvedere”*, e *“A Venus de Milo”*, que representan aínda o **ideal de beleza armoniosa e proporcionalidade propios do século anterior**.

“A Victoria de Samotracia”, do 220-190 a.c., é a obra maestra do helenismo en contacto xa co mundo romano. Presenta un **efecto dramático, cos plegados da roupa moldeados polo vento que equilibra o ímpetu e o movemento hacia diante da estatua na proa da nave**, integrando figura e espazo.

“O Altar de Zeus en Pérgamo”, do 197-159 a.c., altorrelevos, con **figuras de gran barroquismo** que representan o triunfo dos deuses (Zeus e Atenea) sobre os xigantes, como metáfora do enfrontamento entre gregos e bárbaros (persas, romanos).

"O Laoconte", do s.II a.c., sublime traxedia dun sacerdote troiano caracterizada pola **violencia física e emocional**, co vello tema do castigo divino.